Bo partido o disputado esta mañá nas instalacións de Caranza...
Sabado, 21-Febreiro-2009

Eloy

Alineación: Adrian Aneiros, Adrian Gª, Antonio, Haakon; Anton, Carlos Piñeiro; Axel. Tamén xogaron, Fernando (porteiro suplente), Pablo, Luís e Alex.

Despois de recibir unha contundente derrota na xornada pasada ante o lider da categoria, nesta nova xornada nos desplazabamos á casa do Racing San Pedro, 3º na clasificación.No partido de ida perdimos 1-4.
Un partido que estivo moi disputado e onde houbo unha gran intensidade, onde o arbitro non tivo moito traballo sinalando unha solitaria falta no 2º tempo.
Empezou adiantandose o equipo visitante por medio de Axel, que desborda pola banda dando unha pase atrás para que Antón dispare a porteria e o rexeite cóllao Axel de novo para poñer o 0-1 no marcador.
Pouco durou a ledicia nos nosos, porque aos poucos minutos un balón que queda na frontal do área remátao un xogador local establecendo o 1-1 no marcador. Aínda quedaba tempo, e proba diso o demostrou o Numancia adiantandose de novo no marcador en xogada persoal de Carlos Piñeiro.
Co resultado de 1-2 a favor chegaríamos ao descanso.
Empezaba a segunda parte cun par de ocasións moi claras de Antón donde hai que darlle moitos meritos ao porteiro facendo dúas paradas moi boas. Ao pouco tempo chegaría o empate dos locais noutro tiro desde a frontal do area, onde quiza Fernando puido facer algo máis.
Seguian pasando os minutos e o Numancia creando multiples ocasións por parte de Axel, Alex e Antón, pero non serían capaces de conseguir o gol da vitoria, aínda que Alex estivo moi preto tirando ao pau.
Recoñecer no partido de hoxe a actitude de TODOS, sobre todo o gran partido realizado por Antón e Carlos Piñeiro no medio campo.
Tamén recoñecer o gran partido de Axel.
En xeral todos un sobresainte.

Arbitro: Moi boa actitude, onde apenas tivo traballo como dixo o ao final do encontro.